


ELECCIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO




iniciativa feminista

c o n t a o !

O PROXECTO DE  
POLÍTICA FEMINISTA

PARA TODAS  
PARA TODOS

[www.iniciativafeminista.es](http://www.iniciativafeminista.es)



iniciativa feminista

## O PROXECTO DE POLÍTICA FEMINISTA

**INICIATIVA FEMINISTA** constituíuse como partido político o pasado 23 de outubro de 2008. A nosa meta é acadar representación en todos aqueles órganos de xestión política onde se decide, organiza e legisla sobre os intereses da cidadanía e, polo tanto, das mulleres.

**INICIATIVA FEMINISTA** xurdiu en Suecia, no ano 2005, como un proxecto de acción política feminista, non só local, senón co obxectivo de estenderse aos distintos países de Europa e do Mundo.

**INICIATIVA FEMINISTA**, tomando como referencia o proxecto sueco e co seu estímulo, foi constituída en España para **CONCORRER ÁS PRÓXIMAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO**, previstas para o 7 de xuño de 2009

**IMOS PARTICIPAR NAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO** porque o feminismo é un movemento democrático global capaz de superar as estruturas patriarcais que manteñen a metade da humanidade, as mulleres, en arcaicas e inxustas condicións de desigualdade cultural, educativa, económica, social e política.

**INICIATIVA FEMINISTA** PRESENTASE ÁS ELECCIÓNS PARA FACER PROPOSTAS LEXISLATIVAS QUE CONDUZAN A UNHA EUROPA SEN DISCRIMINACIÓN DE XÉNERO. E iso require:

- Garantir o dereito das mulleres a vivir sen violencia de xénero.
- Erradicar a precariedade laboral e a discriminación salarial que padecen as mulleres.
- Que o coidado e atención de tod@s @s miembr@s dependentes do grupo deixe de ser unha responsabilidade exclusiva das mulleres e sexa asumida por servizos públicos de calidade.

En definitiva, a igualdade entre os sexos é un obxectivo inaplazable; unha prioridade en todas as actuacións lexislativas, políticas, económicas e sociais que se desenvolvan en Europa.

## O PROXECTO FEMINISTA PARA EUROPA

[www.iniciativafeminista.es](http://www.iniciativafeminista.es)

do 8 de marzo ao 7 de xuño